

# M.L. ESTEFANÍA

**Galicia, máis Oeste que nunca**

**Longametraxe documental**


Unha produción de



Coa subvención da




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E TURISMO



“M.L.ESTEFANIA. Galicia, máis Oeste que nunca” é unha longametraxe documental, en lingua galega e castelá, de 100 minutos de duración.

Mediante testemuños e material de arquivo abórdase a figura de D. Marcial Lafuente Estefanía, popular autor de novelas do Oeste, que comezou a súa carreira en Vigo nos anos 40, da man da editorial Cíes, a primeira galega de posguerra.

Entre os participantes destaca FEDERICO LA-FUENTE, fillo de Marcial, que segue escribindo as noveliñas do pai, e con fondos lazos con Vigo ao transcorrer aquí a súa infancia e adolescencia. Con el entrevistábase a escritores como FERNANDO SAVATER, X.L.MÉNDEZ FERRÍN, FRANCISCO G. LEDESMA, EDUARDO MENDICUTTI ou DOMINGO VILLAR; especialistas como CARLOS ABRAHAM, FERNANDO EGUIDAZU e PEDRO PUIALTO; ou a popular autora de novela rosa CORÍN TELLADO, falecida en 2009, e que concedeu a súa última entrevista para este documental.






Pola súa banda lectores e vendedores, de España e Latinoamérica, axúdannos a comprender a vixencia do fenómeno Estefanía. O documental desprázase, con este obxecto, a BARCELONA, MADRID, MONTEVIDEO, MANAGUA ou BOS AIRES.

Inédito material de arquivo, localizado tras un exhaustivo labor de investigación, complementa os citados testemuños. Salientar, a este respecto, o apoio da familia do fundador de Cíes, BARRIENTOS, que proporcionou fotografías e documentos diversos cos que puido reconstruírse a intensa actividade da editorial nos seus vinte anos de existencia.





Finalmente, a xeito de noveliña, o documental inclúe o considerado primeiro *western* galego ou *grelos-western*. Estreado no pasado Festival de Cans, en maio de 2010, esta curtametraxe espertou o interese dos medios de comunicación e colleitou grande éxito de público e crítica; resultando seleccionada para competición, entre máis de 700 producións de todo o mundo, no Festival Internacional de Cine de Ourense na súa derradeira edición.

A XUNTA DE GALICIA avalou o proxecto dende os seus inicios en 2007 coa concesión de dúas subvencións para escrita de guión e produción.

Pola súa banda a TVG mercou os dereitos de emisión do documental na comunidade galega.

Na actualidade a produtora negocia con outras entidades e canles televisivos o patrocinio desta longametraxe.

## A PRODUCCION



SD VIDEO é a produtora encargada do proxecto “**M.L. Estefanía. Galicia más Oeste que nunca**”. Con sede en Cangas do Morrazo, nace en 1999 co fin de dar soporte a distintas canles televisivas (TVE, TVG, Antena 3). En colaboración con Furancho Filmes – antes Augamorna Grupo Creativo- evolucionou cara a producións propias de pequeno e mediano formato e temática documental. O documental “Memorial de Camposancos”, en 2007, significou o desembarco en producións de maior formato.






FURANCHO FILMES é unha asociación dos guionistas e realizadores José Ballesta e Manxo Fdez. creada no ano 2003, co fin de colaborar no desenvolvemento de proxectos audiovisuais .

JOSÉ BALLESTA naceu en Vigo en 1964. É o realizador e guionista do documental “**M.L. Estefanía. Galicia más Oeste que nunca**”. Licenciado en Xeografía e Historia, pola Universidade de Santiago de Compostela (1988); é *Máster en escritura de guiión para cine e televisión*, pola Universidade Autónoma de Barcelona (1998); e *Especialista en realización de guiión de documental histórico*, pola Universidade Complutense de Madrid (2002). Na actualidade compaxina a súa faceta audiovisual coa xestión cultural e dirección do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”.

MANXO FDEZ é, con José Ballesta, realizador da ficción “**Naípe de Sangue**”, primeiro *grellos-western*. Nacido en Vigo, en 1972, os seus primeiros traballos audiovisuais desenvolvéronse no ámbito do videoclip. “*Lost Control*” (1999), de Killer Barbies, editouse en Alemaña dentro do dvd recopilatorio do grupo. É técnico especialista en audiovisuais e a súa derradeira realización é o videoclip “*Queen Bitch*” (2010) para artista galega Silvia Superstar.

## PRODUCCIÓN CONXUNTAS SDVIDEO & FURANCHO FILMES




“MEMORIAL DE CAMPOSANCOS” (2007). Esta produción documental foi subvencionada pola Xunta de Galicia e o Principado de Asturias. De temática histórica colleitou notable éxito de público e crítica. Salientar a súa estrea en Berlín na Semana de Novo Cine Galego organizada polo Instituto Cervantes da capital alemá; ou a súa selección como finalista no Festival PlayDoc na categoría mellor documental galego do ano; e na de exhibición do Festival Internacional de Cine de Ourense.

“QUEEN BITCH” (2010). Estreado recentemente o videoclip da cantante galega Silvia Superstar resultou seleccionado para a súa difusión entre outros polas canles internacionais MTV ou, SOLMUSICA; ademais de alcanzar o posto 11 no top 20 dos videoclips galegos do ano na canle VTELEVISIÓN; ou o posto 3 do programa Maqueton de Localia TV.



## FICHA TÉCNICO-ARTÍSTICA



*M. L. ESTEFANIA. Galicia, más Oeste que nunca*

Xénero: *Documental.*

Duración *103 minutos.*

## CRÉDITOS

Dirixida por

José Ballesta e Manxo Fdez, na ficción *Naipe de Sangue*.

Guión

José Ballesta

Productor executivo

Salvador Dasilva

Documentación

Beatriz Liz

Director de fotografía

José Miguel Soto

## Operadores de cámara

### España:

José Miguel Soto

Salvador Dasilva

Eduardo Estévez

Carlos A. Veloso

Álex Agúete

### Arxentina e Uruguai:

Eduardo Orenstein (Rayo Rojo Producciones)

### Nicaragua:

Frank Pineda (Camila Films)

Música orixinal:

Paco Serén e Pablo Álvarez  
en Eclipsis Studios Pontareas.

Interpretada por:

David Rodríguez, Trompeta

Anxo Lorenzo, Frauta e gaita

Andrea Montes, Violín

Damián Coto, Batería

Diego Pacheco, Guitarra

Bardelino Martínez, Laúde e harmónica

Cantareiras,

Ana Senlle

Teresa Santamaria



Edición de video  
Verve Audiovisual

Editor:  
Ramsés Rivera

Edición de son  
La Panificadora

Editor:  
David Machado

Interveñen co seu testemuño:

Lectores e vendedores de novela popular de España, Arxentina, Uruguai e Nicaragua.

Os escritores:

Federico Lafuente

Francisco G. Ledesma

Fernando Savater

Eduardo Mendicutti

Xose Luís M. Ferrín

Domingo Villar

Corín Tellado

Os investigadores:

Fernando Eguidazu

Pedro Pualto

Carlos Abraham

E o antigo empregado de Editorial Cies:

Maximino Tejo

## NAIPE DE SANGUE

Protagonizada por



Silvia Superstar

Eladio Santos

con

Julio Cela

Ramón Rodríguez

Rolo González

Eloi Rodríguez

e

Tristán, o cabalo



Xefa de produción

Cristina López

Axudante de produción

Beatriz Liz

Director de fotografía

José Miguel Soto

Axudantes de fotografía

Florentino Núñez

Óscar Pardo



Música orixinal

Paco Serén e Pablo Álvarez

Silvia Superstar

Eladio Santos

Edición de video

Verve Audiovisual

Editor:

Ramsés Rivera

Estilismo e vestuario

Juancho Gianzo

Dirección artística

Beatriz Arribe

Maquillaxe e caracterización

Cristina Esteiro

Son directo

David Machado

Microfonista

Daniel Fernández

Deseño e mestura de son

Diego S. Staub

Efectos visuais

Ramsés Rivera

Especialistas

Liliana Lorenzo

Iván Rodríguez

Cabalos:

Centro ecuestre “Serra do Galiñeiro” (Gondomar)